

CORRECCIÓN DE ERROS DAS BASES DA CONVOCATORIA DE BOLSAS CAMPUS INDUSTRIAL PARA MÁSTER UNIVERSITARIO

De conformidade co establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común, e constatados erros materiais nas bases da Convocatoria de Bolsas de Campus Industrial para Máster Universitario, publicada no TEO da UDC o 12/08/2021, procédese a realizar as seguintes correccións:

Primeira**X. ACEPTACIÓN E RENUNCIA****ONDE DI:**

Solicitar o alta da súa conta bancaria en España na que desexe que se realicen os ingresos pertinentes, a través da Sede electrónica da Universidade da Coruña (<https://sede.udc.gal>) seleccionando nos trámites de xestión económica o de “alta/baixa/modificación terceiros”.

DEBE DICIR:

Solicitar o alta da súa conta bancaria en Europa na que desexe que se realicen os ingresos pertinentes, a través da Sede electrónica da Universidade da Coruña (<https://sede.udc.gal>) seleccionando nos trámites de xestión económica o de “alta/baixa/modificación terceiros”.

Segunda**XI. PAGAMENTO****ONDE DI:**

O pagamento do importe da bolsa realizarase por parte da Universidade da Coruña mediante transferencia bancaria a unha conta aberta a nome da persoa beneficiaria da bolsa nunha oficina bancaria en España. Aplicaráselle as retencións correspondentes do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, conforme ao previsto na norma reguladora deste imposto

DEBE DICIR:

O pagamento do importe da bolsa realizarase por parte da Universidade da Coruña mediante transferencia bancaria a unha conta aberta a nome da persoa beneficiaria da bolsa nunha oficina bancaria en Europa. Aplicaráselle as retencións correspondentes do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, conforme ao previsto na norma reguladora deste imposto

Asinado electronicamente

A vicerreitora do Campus de Ferrol e responsabilidade Social

María Jesús Movilla Fernández

Código Seguro De Verificación	t5QsAtKzQE83MkXLJ8a5Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - María Jesús Movilla Fernández	Asinado	13/09/2021 10:57:22
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/t5QsAtKzQE83MkXLJ8a5Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

